

## A AELG receñece a Marilar Aleixandre coa homenaxe de "Escritor na súa terra"

Xoves, 03 Decembro 2009



A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) acordou por decisión unánime dos seus socios que Marilar Aleixandre sexa a vindeira autora recoñecida coa homenaxe *O escritor na súa terra*, no que recibirá o galardón Letra E, de escritor. Canda a isto, a asociación acordou concederlle o premio Bos e Xenerosos aos vinte e sete concellos que organizaron desde hai trinta edicións o Premio Blanco Amor de Narrativa. O premio entregaráselle no transcurso da Cea das Letras, que se celebrará na primeira semana de maio, aos representantes do Concello de Poio, que corre coa organización da xeira 2010 do certame. Finalmente, no mesmo acto entregárase o premio ás institucións, que recaeu desta volta no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra.

### Bioloxía de autora

Marilar Aleixandre naceu en Madrid en 1947, vive en Galicia dende 1973, primeiro en Vigo, e agora na Amaía. Doutora en Bioloxía. Catedrática de Ciencias Naturais de Ensino Medio. Catedrática de Didáctica das Ciencias na Universidade de Santiago de Compostela. Colaboradora das revistas *Nó*, *Luzes de Galiza* e *Festa da palabra silenciada*. Como narradora ten publicado, entre outras moitas obras: *A formiga coxa* (Xerais 1989), novela xuvenil; *Nogard* (1994), novela xuvenil; *A expedición do Pacífico* (Xerais 1994), Premio Merlín e Premio da Crítica á creación literaria en galego en 1995, sendo a primeira vez que recae nun libro xuvenil e nunha muller; *O trasno de Alqueidón* (Xerais 1996), contos infantís, Premio Rañolas 1996 ao mellor libro infantil do ano; *A Compañía Clandestina de Contrapublicidade* (1998), novela, Premio Álvaro Cunqueiro; *Desaforados muños*, relato incluído en *Airadas palabras* (1998), premio Manuel Murguía; *A banda sen futuro* (Xerais 1999), novela, premios Lazarillo e Lecturas Galix 2001; *Unha presa de terra* (2001), Premio La Voz de Galicia de novelas por entregas; *Teoría do caos* (Xerais 2001), novela, Premio Xerais; *Rúa Carbón* (Xerais 2005), novela finalista do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2006 e *A Cabeza de Medusa* (Xerais 2008), novela gañadora do Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil 2008 e Premio The Withe Ravens, 2009.

Fontes: CCG, Xerais.